

GALICIENCIA

Criterios de valoración 2023

Proxectos Galiciencia



O xurado debe fixarse nos seguintes **aspectos**, cada un dos cales será puntuado desde o 1 ata o 5 (sendo o 5 a mellor valoración):

Innovación e creatividade (25 %)

Valorar o grao de proposición de soluciones novas e diferentes para resolver problemas ou situacións acontecidas. Valorar a creatividade para desenvolver ideas e o tránsito destas ideas á implantación das posibles solucións.

Rigor metodolóxico (20%)

Valorar que o proxecto presentado se mantén dentro do marco científico, desde a aproximación inicial ao obxecto de estudo, pasando pola análise e presentación dos resultados. As ideas están ordenadas de maneira lóxica e progresiva, de forma que se pode seguir o fío do traballo de maneira clara e comprensible. Ademais, dedica o tempo adecuado a cada apartado, mencionando as ideas

principais de maneira que se pode comprender facilmente o que explica.

Autoría alumnado (25%)

Valorar a autoría real do alumnado que expón o proxecto. Queda claro que sabe do que fala, nótase que fixo el/ela o traballo.

Defensa oral, comunicación e vocabulario (20%)

Valorar a utilización do vocabulario adecuado. Comunicación clara e concisa.

Montaxe e duración do vídeo e/ou presentación no stand (10%)

Respecta o tempo establecido.

As porcentaxes que se indican entre parénteses significan o peso que supón a puntuación dese aspecto concreto sobre o total.